

Calendario actividades extraescolares 2013-2014

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	HORARIO	
ATLETISMO 6-12 EXPRESION CORPORAL 4-6 KARATE 4-6 PSICOMOTRICIDADE 3-6 XIMNASIA RITMICA 7-8	FUTBOL SALA 5-6 KARATE 7-12 PATINAXE 8-12 XIMNASIA RITMICA 6	ATLETISMO 6-12 EXPRESION CORPORAL 4-6 KARATE 4-6 XIMNASIA RITMICA 7-8	FUTBOL SALA 5-6 KARATE 7-12 PATINAXE 8-12 PSICOMOTRICIDADE 3-6 XIMNASIA RITMICA 6	CONXUNTO MUSICAL 8-12 (16:00 - 17:30) COCIÑA CREATIVA 7-12 (16:30 - 18:00)	BADMINTON 6-8 TENIS 6-8	16:00 - 17:00
BAILE 3-12 BALONCESTO 5-9 INICIACION A MUSICA 4-6 TIRO CON ARCO 6-12 XIMNASIA RITMICA 9-12	FUTBOL SALA 7 PATINAXE 3-7 XIMNASIA RITMICA 3-5	BAILE 3-12 BALONCESTO 5-9 INICIACION A MUSICA 4-6 TIRO CON ARCO 6-12 XIMNASIA RITMICA 9-12	FUTBOL SALA 7 PATINAXE 3-7 XIMNASIA RITMICA 3-5		BADMINTO 9-12 TENIS 9-12	17:00 - 18:00
BALONCESTO 10-12	TENIS 6-8 FUTBOL SALA 8-9	BALONCESTO 10-12	BADMINTON 6-8 FUTBOL SALA 8-9		18:00 - 19:00	
	TENIS 9-12 FUTBOL SALA 10-11		BADMINTON 9-12 FUTBOL SALA 10-11		19:00 - 20:00	
	FUTBOL SALA 12-13		FUTBOL SALA 12-13		20:00 - 21:00	

Proposta de ACTIVIDADES EXTRAESCOLAR PARA O CURSO 2013-2014

Ó preparar o calendario de Actividades Extraescolares para o curso 2.013-2.014, a ANPA Brigantium fíxoo co mesmo obxectivo dos últimos anos: **ofrecer diversidade para chegar ó maior número de alumnos/as posible.**

Para o vindeiro curso, como novidade, vanse ofertar as actividades de **Tenis, Badminton e Ciclismo**. Con elas intentamos suplir a carencia de actividades de raqueta que tiñamos ata o momento e dar a posibilidade de iniciarse no ciclismo de base ós nenos/as que teñan interese por esta disciplina deportiva.

En canto ás actividades artísticas:

- Recuperamos a **Iniciación á Música**, orientada a que os máis pequenos comecen a coñecer ritmos e melodías.
- Reorientamos a actividade para os máis maiores, e ofertamos **Conxunto Musical** para eses rapaces que xa comezan a dominar algún instrumento e queren ter ese momento máis lúdico no que interpretar cancións e incluso, por qué non, crear as súas propias.
- Coa **expresión corporal** pretendemos que os máis pequenos saiban expresar sentimentos e emocións e que nos conten moreas de cousas co seu corpo sen precisar palabras.

Mantemos o resto das actividades aínda que ó reorganizar os grupos, algunhas das actividades tiveron que **ser cambiadas de día e/ou hora** para unha mellor xestión das instalacións e organización das actividades.

En **fútbol sala modificamos os grupos** en función das idades para que coincidan coas correspondentes ás categorías das competicións escolares nas que participan os nenos/as que asisten a esta disciplina.

A **Cociña Creativa** propoñemola para nenos/as de 7 a 12 anos e ten un custe engadido de 6 euros ó mes para á compra das materias primas necesarias para a realización das receitas.

Este é o **calendario previsto** para as Actividades Extraescolares do curso 2.013-2.014, pero pode que sexa necesario realizar algunha modificación.

Ó inicio do curso entregaranse as follas para a preinscripción das actividades e o calendario definitivo estará exposto na porta do colexio a **fináis do mes de setembro de 2.013.**

Agardando que a nosa proposta sexa do voso interese, desexámosvos unhas boas vacacións de verán e deica ó vindeiro curso.